

Servicio 11: Dirección Xeral de Formación Profesional e Promoción Educativa

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 48.	<i>Programa 423.A «Bolsas e axudas a estudantes»</i> A familias e institucións sen fins de lucro:	
Concepto 485.	Compensación taxas universitarias	6.854.770.908
Total suplementos de crédito		8.066.127.419

(Este real decreto-ley inclúese tendo en conta a corrección de erratas publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 300, de data 16 de decembro de 1998).

28691 REAL DECRETO-LEI 19/1998, do 11 de decembro, polo que se autoriza a concesión dun anticipo de tesourería á Rede Nacional de Ferrocarrís Españóis (Renfe) por un importe de 30.000 millóns de pesetas, a conta do financiamento que resulte do convenio de xestión da infraestrutura ferroviaria que se vai subscribir entre o Estado e Renfe. («BOE» 297, do 12-12-1998.)

O contrato-programa Estado-Renfe 1994-1998 conclúe a súa vixencia o 31 de decembro de 1998, sen que se estipule nel a posibilidade de prórroga. No devandito contrato-programa intégrase, coa mesma vixencia, o convenio de xestión da infraestrutura ferroviaria, en virtude do cal Renfe se fai cargo da xestión e do mantemento da referida infraestrutura.

O estado actual de tramitación do novo contrato-programa fai necesario prever un sistema transitorio que permita garanti-la necesaria continuidade dos traballos de xestión e mantemento da infraestrutura ferroviaria, no período de tempo comprendido entre o inicio do próximo exercicio e a data en que se aproba o novo contrato-programa.

Nestes momentos non existe ningunha organización distinta da propia Renfe que poida facerse cargo deses traballos, polo que parece oportuno que os siga levando a cabo dado que deben efectuarse sen solución de continuidade para permiti-la adecuada prestación dos servizos de transporte ferroviario. Renfe ten adquiridos compromisos tendentes ó logro destes obxectivos, a cobertura financeira dos cales esixe dispoñer de recursos durante o tempo en que deba acometer estas actuacións sen estar aprobado o novo contrato-programa e o con-

venio de referencia; por iso, deberá ser dotada dos oportunos medios financeiros por parte do Estado, responsable último da xestión e do mantemento das infraestructuras ferroviarias.

Se ben no proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 1999 figura un crédito para financiar as obrigas derivadas do convenio de xestión da infraestrutura ferroviaria, o seu libramento está condicionado á subscrición do propio convenio que formará parte do novo contrato-programa.

En consecuencia, polos argumentos expostos nos parágrafos anteriores, considérase necesario e urxente autoriza-la concesión dun anticipo de tesourería que se lle satisfará a Renfe, por importe de 30.000 millóns de pesetas, en concepto de entrega a conta do financiamento que, con destino á cobertura das obrigas derivadas dos traballos de xestión e mantemento da infraestrutura ferroviaria, figurará consignada nos orzamentos xerais do Estado para 1999. Esta autorización debe instrumentarse mediante norma con rango de lei para se poder facer efectiva, conforme o disposto no artigo 43 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e Ministro de Economía e Facenda e do ministro de Fomento e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de decembro de 1998,

DISPONGO:

Artigo 1.

Para o financiamento dos gastos de xestión e mantemento da infraestrutura ferroviaria, autorízase a concesión dun anticipo de tesourería que será satisfeito polo Estado á Rede Nacional de Ferrocarrís Españóis con carácter de a conta das achegas que resulten do convenio de xestión da infraestrutura ferroviaria, que se subscribirá entre o Estado e Renfe.

Artigo 2.

O importe do anticipo regularizarase, unha vez subscrito o indicado convenio, con cargo ó crédito que para a indicada finalidade figure consignado nos orzamentos xerais do Estado para 1999.

Disposición derradeira única.

O presente real decreto-lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ